



Asociación Provincial de Empresarios
de la Construcción de La Coruña

MEMORIA ANUAL 2018



1

APECCO

2

ACTIVIDADE

3


ASOCIADOS

4

SECTOR

APECCO

1



Carta do presidente / Diego Vázquez Reino

Querido asociado

Chegou o momento de facer balance do curso que remata. Pero nesta ocasión gustaríame convidarte a reflexionar, máis que sobre a actividade do noso sector nos últimos doce meses, sobre os catro anos de intenso e duro pero tamén gratificante e produtivo traballo que vimos desenvolvendo dende a xunta directiva que teño o orgullo de encabezar. E o primeiro pensamento que me vén á cabeza é para todas as persoas que, coma ti, contribuíron, contribúen e estou seguro de que seguirán contribuíndo a escribir a historia dunha asociación cada vez máis forte, máis unida e máis representativa do sector da construción, un sector empresarial clave para a supervivencia económica, laboral, e atrévome a dicir que tamén social, deste mundo que nos toca vivir.

Neste período de catro anos tivemos a fortuna de celebrar o **40º aniversario da nosa asociación**, pero tamén nos tocou facer fronte e superar unha das crises máis duras da historia recente do noso país. Hoxe APECCO é unha das entidades do sector da construción máis potentes do noroeste español. E isto ten moito que ver co legado que nos deixaron as persoas que nos precederon e que conseguimos manter e ampliar, unindo diferentes sensibilidades e vontades para que todos rememos na mesma dirección.

Curso a curso fomos aprobando materias, unhas con mellor nota ca outras, todo hai que dicilo, e ano a ano fomos acadando metas e propoñéndonos novos retos. Foron moitas as accións emprendidas, pero todas e cada unha delas cun **único propósito: defender os intereses do sector**.



Carta do presidente / Diego Vázquez Reino

Con ese obxectivo sempre presente, a xunta directiva que presido apostou decididamente por centrar os seus esforzos en tres áreas de actuación estratéxicas.

A primeira, conseguir un **maior achegamento aos asociados**, e sinceramente penso que o estamos a conseguir grazas a medidas como o importante incremento da carteira de servizos, un asesoramento profesional e especializado en materias como contratación, fiscalidade ou laboral e, sobre todo, unha atención rápida, eficaz e eficiente

En segundo lugar intentamos dar resposta a outro dos grandes retos que se nos presentaba, **a dignificación do sector**, e creo que non só estivemos á altura, senón que enviamos unha mensaxe alta e clara sobre os valores que representa a construción na economía e na sociedade en xeral.

E o terceiro pilar do noso proxecto, e quizais o e que máis dedicación e esforzos, mesmo persoais, ten precisado, é a **defensa dunha contratación pública digna**. APECCO ten declarada a guerra contra a oferta económica como único criterio de elección nas licitacións públicas, e aínda que o conflito continúa, podemos dicir que fomos quen de gañar algunhas batallas.

Aínda queda moito camiño por percorrer, pero debemos facelo máis unidos que nunca, coa cabeza alta e as ideas claras, e levando como bandeira que a día de hoxe a construción é un dos sectores que máis emprego, e polo tanto máis riqueza e máis calidade de vida, xera neste país.

APECCO conseguiu situar a construción no lugar que lle correspondía, e catro anos despois non só recuperamos o noso peso institucional e estamos presentes nos centros de decisión e nos distintos foros empresariais da nosa comunidade, senón que conseguimos poñer voz ao sector e que as nosas reivindicacións sexan escoitadas. Do mesmo xeito que representamos os intereses do empresariado galego na *Mesa 2: Cláusulas sociais na contratación pública* do **Diálogo Social** impulsado pola Xunta de Galicia ou que fomos conseguindo melloras evidentes nos pregos de contratación de moitas administracións, temos por diante o reto de estender ese logro á Deputación Provincial da Coruña. E tede por seguro que dende as responsabilidades presentes e futuras que debamos asumir, seguiremos traballando por ese obxectivo.



Carta do presidente / Diego Vázquez Reino

Outro camiño que temos iniciado, e no que debemos avanzar nos vindeiros anos, é a **formación de man de obra cualificada** antes de que a falta de profesionais se converta nun problema moito maior. Neste sentido, experiencias como o convenio asinado con Cáritas, que ademais de preparar traballadores nos permite desenvolver a nosa responsabilidade social a través dun proxecto cada vez máis ilusionante, aportan un valor engadido a APECCO como colectivo e aos empresarios que o formamos como persoas. Por se fora pouco, os resultados están aí: cun índice de contratación do 60-70%, o éxito é incontestable.

Persoalmente sempre defendín que unha asociación forte fai máis fortes aos seus asociados, pero estou firmemente convencido de que unha asociación unida é sinxelamente imparable. Por iso, para rematar gustaríame reiterar o meu agradecemento a todas as persoas que ao longo dos máis de corenta anos de historia de APECCO decidiron sumar, traballar e pelexar polos intereses do sector da construción. Agradecemento que fago extensivo a os traballadores e traballadoras da asociación, Miguel, Juan Carlos, Mónica e Carmen, polo labor desenvolvido e por manter a boa imaxe da asociación. Por suposto, a miña gratitude vai dirixida a todos e cada un dos asociados de APECCO, polo voso apoio, e dun xeito especial aos membros da comisión delegada e o comité executivo, que me acompañou en todas as decisións. Finalmente, quero dar as grazas ás persoas que me acompañaron neste mandato pero tamén ás que tiveron que abandonar por diferentes motivos. Grazas a vós, APECCO ten a solidez que precisa para afrontar o futuro.



Diego Vázquez Reino

Presidente de APECCO

Órganos de goberno

COMITÉ PERMANENTE

PRESIDENTE

Diego Vázquez Reino

VICEPRESIDENTE

José Luis Candela Toha

TESOUREIRO

Pedro Muñoz González

VOGAIS

Manuel Álvarez Losada

José Antonio De Apraiz Casuso

José Ángel Brey Ferreiro

Víctor González Jove

Alberto López Martín

José No Varela

Marcos Vázquez Zas

Eulogio Viñal Iglesias

SECRETARIO

Miguel García Eiroa



APECCO

Asociación Provincial de Empresarios
de la Construcción de La Coruña



Órganos de gobierno

COMISIÓN DELEGADA

EMPRESA

Ángel Brey, S.A.
Aparfont, S.L.
Arias Infraestructuras
Arkivolta
Canarga
Construcciones Ángel Jove, S.A.U.
Construcciones Cernadas, S.L.
Construcciones Ponciano Nieto, S.L.
Construcciones Ramón Vázquez y Reino
Cosmalca, S.L.
Desarrolla Obras y Servicios, S.L.
Dragados, S.A.
Estudio A.T.
Eulogio Viñal Obras y Cnes., S.A.
Excavaciones Saavedra y López, S.L.
F. Gómez y Cía., S.L.
FCC Construcción, S.A.
Ferrovial Agroman S.A.
Iprenor
José No Mantiñan e Hijos, S.A.
OHL, S.A.
Prace Servicios y Obras, S.A.
Sondeos del Norte, S.A.
Tradisco, S.L.

VOGAIS

José Ángel Brey Ferreiro
Alejandra Fontenla Piedrahita
Antonio Aranzadi del Cerro
Pedro Muñoz González
Marcos Vázquez Zas
Víctor González Jove
Diego Cernadas Tages
Diego Nieto Barreiro
Diego Vázquez Reino
Eva López Nieto
Gerardo Collazo Esmorís
José Luis Candela Toha
José Antonio González del Oso
Eulogio Viñal Iglesias
Pablo Martínez Lorenzo
Alberto López Martín
Enrique Quirós Núñez
Gregorio Rodríguez Rodríguez
Miguel Ángel Míguez Vázquez
José No Varela
José Antonio de Apraiz Casuso
Daniel Ortega González
Pablo César Vázquez Zas
Manuel Álvarez Losada

SECRETARIO

Miguel García Eiroa



Organización funcional

INTERVENTORES

DE ACTAS ASAMBLEAS

Fernando Castro Díez
Rebeca Sánchez Naveira

DE CONTAS

Manuel Amor Suárez
Daniel Ortega González

COMISIÓN SOCIO-LABORAL DE CONSTRUCCIÓN

Diego Vázquez Reino
Antonio Fernández Durán
Stella López Rey
Ignacio Tuñón Gurrea
Antonio Fernández-Chao (Asesor)
Miguel García Eiroa (Secretario)

COMISIÓN SOCIO-LABORAL DE PINTURA

María José Ares García
José Ángel Brey Ferreiro
José Ángel Otero Rey
César Prado Maceiras
Ramón Rivera López
Antonio Fernández-Chao (Asesor)
Miguel García Eiroa (Secretario)



Presenza institucional

A TRAVÉS DO PRESIDENTE

FEDERACIÓN GALLEGA DE LA CONSTRUCCIÓN

Xunta Directiva (Vicepresidente)

CONFEDERACIÓN NACIONAL DE LA CONSTRUCCIÓN

Conselleiro de Goberno
Grupo de Territoriais

FUNDACIÓN LABORAL DE LA CONSTRUCCIÓN DE GALICIA

Comisión e Conselleiro Territorial
(Secretario)

CONFEDERACIÓN DE EMPRESARIOS DE A CORUÑA

Xunta Directiva
Consello de Presidentes

CÁMARA DE COMERCIO DE A CORUÑA

Membro do Comité Executivo e presidente da
Comisión de Infraestruturas

AFIANZAMIENTOS DE GALICIA, S.G.R. (AFIGAL)

Vogal asemblea



Presenza institucional

A TRAVÉS DOUTROS MEMBROS

FEDERACIÓN GALLEGA DE LA
CONSTRUCCIÓN – FGC

EN XUNTA DIRECTIVA

Manuel Álvarez Losada

José Luis Candela Toha

Miguel García Eiroa

EN ASEMBLEAS

Manuel Álvarez Losada

José Luís Candela Toha

Gerardo Collazo Esmorís

Víctor González Jove

Stella López Rey

Miguel García Eiroa

CONFEDERACIÓN NACIONAL DE
LA CONSTRUCCIÓN – CNC

EN ASEMBLEAS

Manuel Álvarez Losada

Pedro Muñoz González

José Antonio de Apraiz

Casuso

Eulogio Viñal Iglesias

FUNDACIÓN LABORAL DE LA
CONSTRUCCIÓN – GALICIA – FLC

NA COMISIÓN E NO CONSELLO
TERRITORIAIS

Manuel Álvarez Losada

Miguel García Eiroa

CONFEDERACIÓN DE EMPRESARIOS DE
A CORUÑA – CEC

EN ASEMBLEAS

Manuel Álvarez Losada

Antonio Fontenla Ramil

Víctor González Jove

Pedro Muñoz González

Marcos Vázquez Zas

Presenza institucional

A TRAVÉS DOUTROS MEMBROS

CÁMARA DE COMERCIO DE
A CORUÑA

NO PLENO
Manuel Amor Suárez
Marcos López Fuentes
José No Mantiñán
Marcos Vázquez Zas

FEDERACIÓN NACIONAL DE
EMPRESARIOS PINTORES – ANSPI

NA DIRECTIVA
José Ángel Brey Ferreiro

COMITÉS NACIONAL E AUTONÓMICO
DE EMPREGO

Miguel García Eiroa

COMISIÓN EXECUTIVA PROVINCIAL
DO INSS

Antonio Fernández-Chao

COMITÉ PROVINCIAL DE SEGURIDADE E
SAÚDE NO TRABALLO

Miguel García Eiroa



ACTIVIDADE

2



Índice de actividades

A continuación detállanse as principais actividades e xestións realizadas pola nosa asociación durante o ano 2018

- Negociación de convenios laborais
- Xestións ante as Administracións Públicas
- Reunións internas
- Cursos de formación
- Xornadas de APECCO
- Convenios con empresas para lograr vantaxes especiais para os asociados
- Tarxeta Profesional da Construción (TPC)
- Publicacións de APECCO
- Portal WEB de APECCO: www.apecco.com
- Circulares
- Boletíns mensuais de novas
- Informes e estudos
- Colaboracións e relación externas
- Asesorías
- Outras actividades e servizos prestados aos asociados



Negociación de convenios laborais

APECCO protagonizou, un ano máis, a negociación dos convenios colectivos provinciais da construción e a pintura, ademáis de participar activamente no convenio xeral nacional.

Convenio provincial da construción



No ano 2018 asinouse un incremento do convenio do 2%. Así mesmo, pactouse o calendario laboral para o 2019. O 7 de febrero asináronse as novas táboas salariais e os pluses para o período 2019-2021. Os aumentos pactados son so 2,25% para 2019, 2,25% para 2020 e 2,50% para 2021.

Convenio provincial da pintura



O convenio para o período 2017-2021 asinouse o 3 de abril de 2018, cun incremento do 1,9% para 2017 e do 2% para 2018, aínda que tiveron que facerse varias correccións do documento para que puidese ser publicado a finais de ano.

Reunións internas

Conseguíuse, en xeral, mellorar e manter en boas ratios o período medio de pago das Administracións Públicas coas empresas. Na **ADMINISTRACIÓN AUTONÓMICA** logrouse que as adxudicacións estean próximas á media das ofertas presentadas e que as baixas estean moi contidas.



En relación á **DEPUTACIÓN DA CORUÑA** continuamos loitando para que cambie o tipo de procedemento nas licitacións e se tomen en consideración criterios de calidade, experiencia e medios aportados polos ofertantes. O uso xeralizado do único criterio está provocando que a media de adxudicación se sitúe próxima ao 40%.

A petición de empresas asociadas realizamos xestións ante varios **CONCELLOS DA PROVINCIA** para corrixir ou denunciar deficiencias en temas de contratación de obras: por erros nas clasificacións esixidas, nos prazos de presentación e na esixencia de clasificación en obras nas que non era pertinente. Tamén se denunciaron determinadas cláusulas que incumprían a Lei de Contratos das AA.PP.

Lentamente vaise logrando que as **Administracións locais** melloren na correcta aplicación da Lei de Contratos nos pregos de condicións das obras que licitan. Pedimos procedementos de licitación nos que non se prime únicamente a oferta económica máis vantaxosa senón tamén outras variables como a calidade, os medios propios e a experiencia.

Durante o 2018 conseguíuse que varios concellos deixasen de cobrar taxas por participar nos procesos de licitación de obras.

Reunión da directiva coa conselleira de Medio Ambiente


Cursos de formación

Na campaña de formación de APECCO 2018 leváronse a cabo un total de 65 cursos.

A participación nos cursos acadou os 852 alumnos, pertencentes a máis de 75 empresas. En total impartíronse 753 horas lectivas.


Destacan os xursos sobre Plataforma do Estado, Lei de Contratos e Revit (distintos niveis).

En prevención de riscos laborais impartíronse varios cursos para técnicos de prevención nivel básico, recursos preventivos e tamén cursos específicos de distintas materias: montaxe de estruturas tubulares, maquinaria movemento de terras, albanelería, electricidade, traballos en altura, etc...



65

CURSOS



852

ALUMN@S



75

EMPRESAS



753

HORAS

Cursos de formación

Os cursos organizados no ano 2018 impartíronse en 8 localidades distintas da provincia: A Coruña, As Pontes, Bergondo, Betanzos, Carballo, Muros, Muxía e Sada.

Dende APECCO recomendase a todas as empresas asociadas que sigan formando aos seus traballadores con regularidade en Prevención de Riscos Laborais.

A empresa ten a obriga de formar a todos os seus traballadores en seguridade e prevención de riscos laborais, segundo a Lei de Prevención de Riscos Laborais, que ademais obriga ás empresas incluídas no Anexo I do R.D. 39/97, consideradas como empresas con actividades de risco (caso da construción), a dar una formación específica e completa no que respecta aos riscos que leva aparellados a súa actividade.

Segundo a última modificación da lei en materia de prevención de riscos aplicable ás obras de construción, cada empresa que traballa nunha obra debe ter un recurso preventivo (responsable en prevención) coa formación mínima de nivel básico de prevención (curso de 60 horas).

Así mesmo, débese achegar a todos os traballadores a formación específica en prevención de riscos para o seu oficio ou posto de traballo (20 horas ou 6 horas se xa teñen outra formación que convalide parte das horas), segundo obriga o Convenio da Construción.



Xornadas organizadas ou nas que colaborou Apecco sobre temas de actualidade e interese para as empresas

Xornada "Os seguros no ámbito das obras de construcción e rehabilitación"

Apecco, 1 de marzo

Contido

Avais ante la Administración. Produto exclusivo de rehabilitación trienal. Conceptos clave da responsabilidad civil para determinar a cobertura ante imprevistos.

Poñentes

José Antonio Bocelo (Responsable comercial de zona de ASEFA)

Isabel de Jorga (Directora da Delegación Norte de ASEFA)

Asistiron 25 persoas.



Jornada ASEFA sobre seguros en la construcción

Xornadas organizadas ou nas que colaborou Apecco sobre temas de actualidade e interese para as empresas

Xornada "Nova Lei de Contratos Sector Público"

CEC, 12 de marzo.

Organizada por APECCO, en colaboración coa CEC

Contido

Os principais cambios que leva consigo a nova Lei de Contratos, que entrou en vigor o 9 de marzo de 2018.

Poñentes

Pedro Fernández Alén
(Secretario xeral da Confederación Nacional de Construcción)

Asistiron 130 persoas (115 de Apecco).



Jornada sobre la Nueva Ley de Contratos en la CEC



Jornada sobre la Nueva Ley de Contratos en la CEC (Mesa)

Xornadas organizadas ou nas que colaborou Apecco sobre temas de actualidade e interese para as empresas

Xornada “Ferramentas de apoio á certificación e control de producción”

Contido

Dar a coñecer ferramentas de traballo que aforran tempo e custes ás empresas, que permiten realizar certificacións mensuais en 3D, replanteamentos e control de obras. Tamén se presenta un novidoso sistema integral para escaneado, fresado, pavimentación e compactación de estradas.

Poñentes

Técnicos de diversas empresas comerciais.

Asistiron 20 persoas.

Xornada “Promotores e construtores”
Universidade, 11 de abril

Contido

Conferencia sobre APECCO, APROINCO, e a situación actual do sector.

Poñente

Miguel García Eiroa (Xerente de APECCO)

Asistiron 30 persoas.

Xornada “Facturación electrónica (FACe e FACeB2B)”
Apecco, 13 de setembro

Contido

Obrigas sobre facturación electrónica. Servizos que ofrece Enxendra-Docuten.

Poñentes

Técnicos da empresa Enxendra.

Asistiron 25 persoas.

Xornada “Transporte de maquinaria”
Santiago, 21 de setembro/ Realizada en colaboración con AGALCA

Contido

Estrutura de custes na prestación de servizos de transporte. Aspectos básicos da normativa de transportes de mercadorías.

Poñentes

Técnicos de diversas empresas de aluguer e comerciais.



Convenios con diversas empresas e outros organismos para lograr vantaxes especiais para os asociados

- ▶ O convenio coa empresa SOLRED (Grupo REPSOL) permite lograr un importante desconto no prezo do gasoil (ata 10 céntimos en libro) nas principais estacións de servizo nas que repostan os asociados. Así mesmo, nas gasolineiras de Galicia e do resto de España da rede REPSOL, CAMPSA e PETRONOR o desconto oscila entre os 3,9 e os 10 cts./litro.

Máis de 80 empresas asociadas benefíciáanse deste convenio.

- ▶ El convenio de liñas especiais de avais (financeiros, técnicos e especiais) asinado con AFIGAL ten una gran acollida por parte dos nosos asociados. Grazas a este acordó, as nosas empresas poden gozar dunhas condicións especiais e están exentas de gastos de estudo e formalización no caso de avais técnicos.

- ▶ Renovouse o convenio con ASEFA, coa fin de que as empresas se beneficien dunhas boas condicións económicas e de xestión para a tramitación de avais, seguros de caución e outros.

Vantaxes desta compañía:

- Aumento da capacidade crediticia, xa que non computa CIRBE.
- Diminución das esixibilidades do balance.
- Menores custes. Non hai coisións de estudo nin de apertura.
- Cobran por días efectivos de uso da liña.

ASEFA tamén ofrece o seguro trienal na construción, seguro para obras civís e RC.



Sinatura do convenio con ASEFA en maio

Convenios con diversas empresas e outros organismos para lograr vantaxes especiais para os asociados

- ▶ No 2018 asinouse un novo convenio con CÁRITAS para procurar que os alumnos do seu curso de reformas fixesen as prácticas, sen ningún custe, nas empresas asociadas e puidesen ser contratados con posterioridade nas mesmas.

O alumnado destes cursos sae formado en varios oficios da construción (curso de 600 horas) e con todos os cursos de prevención deses oficios.

Dada a crecente necesidade de man de obra, é fundamental lograr ofrecer este tipo de servizo ás empresas.

Sinatura do
convenio
con CÁRITAS
en xaneiro



HOMENAXE DE CÁRITAS A APECCO

No mes de outubro, Cáritas celebrou o 25º aniversario do seu centro da Coruña e homenaxeou a APECCO por ter colaborado coa institución durante os dous últimos anos.

Convenios con diversas empresas e outros organismos para lograr vantaxes especiais para os asociados

- ▶ No 2018 xestionouse a novidosa oferta de **servizos de facturación electrónica coa empresa ENXENDRA**, a través da súa plataforma "DOCUTEN". Esta empresa está especializada en firma e facturación electrónica (FACe e FACe B2B).

Dende o 1 de xullo de 2018 é obrigatorio que as facturas de máis de 5.000 € dos subcontratistas de obras públicas se realicen a través da plataforma FACe-B2B, para o cal é preciso contratar cunha empresa de servizos de facturación electrónica.

As tarifas para os asociados de APECCO teñen un desconto do 10%.

O acceso á web de facturación electrónica de DOCUTEN pode realizarse a través da web de APECCO.

- ▶ Convenio de seguros coa **correduría ANTÓN COBIÁN S.L.** As empresas asociadas que queiran asegurar o seu persoal, maquinaria, instalación, vehículos, etc... poderán facelo cunhas tarifas moito máis reducidas e cun trato preferencial.

- ▶ **Convenio con AENOR**, empresa certificadora de calidade, con descontos para os asociados de APECCO sobre as súas tarifas de certificación de calidade, medio ambiente e prevención. Así mesmo, aplícanse descontos nas súas publicacións e actividades de formación.

- ▶ Actualmente existen acordos de colaboración coas seguintes entidades financeiras: **ABANCA e BBVA**, nos que se contemplan ofertas de produtos e servizos financeiros en ventaxosas condicións para as empresas asociadas.

- ▶ O convenio con **Peugeot Dimolk**, que supón importantes descontos nas tarifas de compra de automóviles e furgonetas nos concesionarios Peugeot de Carballo e Santiago de Compostela. Así mesmo, están previstos descontos para as tarifas de mantemento dos vehículos nos seus talleres.

- ▶ A través da CEC asináronse dous convenios con **AIR EUROPA e IBERIA** de descontos nas tarifas aéreas para as empresas asociadas.



Convenios con diversas empresas e outros organismos para lograr vantaxes especiais para os asociados

- ▶ Asinouse un convenio coa empresa de **servizos de prevención CUALTIS-MUGATRA**.

As tarifas para os asociados teñen un desconto de máis dun 30%. Na provincia de Coruña teñen centros propios en A Coruña, Betanzos, Boiro, Carballo, Ferrol e Santiago, e tamén dispoñen de centros médicos en Vimianzo, As Pontes, Ortigueira e Cariño.

- ▶ Tamén se estableceron durante o ano relacións puntuais con diversas empresas para **ofertas determinadas sobre produtos e servizos** concretos que reportan ao asociado unhas condicións vantaxosas sobre o prezo de mercado. Entre elas destacamos as seguintes:

- A través da **Oficina Auxiliar do Contratista da CNC**, tarifas especiais para a obtención e o mantemento do Expediente de Clasificación de Contratistas.
- Oferta moi vantaxosa para a póliza do seguro do traballador do Convenio da Construción, coa **correduría CANZOBRE SEGADE**.
- Inscripción gratuíta no directorio anual de construtoras da revista "El Monitor".



Firma del Convenio con Cualtis-Mugatra en Abril.

Tarxeta Profesional da Construción - TPC

APECCO comezou no 2088 a tramitar as tarxetas profesionais da construción e actualmente levamos tramitadas máis de 2.000. En Galicia hai 45.000 traballadores coa TPC.

A maioría das tarxetas foron tramitadas para traballadores das empresas asociadas e para os alumnos dos cursos de formación en prevención.

A TPC reflicte a seguinte información do traballador

- 1) A experiencia acumulada no sector e a categoría profesional
- 2) Se foi sometido a recoñecementos médicos (vixilancia da saúde)
- 3) A formación que posúe, principalmente en Prevención de Riscos Laborais

Lembramos que a TPC tramítase a través da Fundación Laboral da Construción e é un documento moi útil tanto para as empresas como para os traballadores do sector.

Actualmente é obrigatorio renovar a tarxeta, xa que o seu formato foi modificado para mellorar as súas prestacións tanto para as empresas como para os traballadores.




Páxina web / www.apecco.com

WEB / A renovación e actualización constante da nosa páxina web apecco.com logrou impulsar o número de visitas á mesma. O contido da nova web é o seguinte:

- Información sobre a asociación (memoria, contas)
- Servizos e publicacións
- Cursos de formación
- Relación de asociados
- Como asociarse? (inclúese o mapa de localización de APECCO)
- Zona Socios

Durante o ano 2017 houbo unhas 20.336 visitas á web (unhas 1.700 visitas mensuais) e 4.300 visitas máis que no 2017.

Os apartados máis visitados son: Relación de empresas asociadas, Información xeral da asociación, Cursos de formación, Información de obras públicas e Circulares informativas.



ZONA SOCIOS / Lembrámosche que na Zona Socios só teñen acceso os asociados cunha clave particular facilitada por APECCO. Na devandita zona dispónse da seguinte información:

- Informes mensuais de adxudicacións de obras públicas en Galicia
- Informes anuais de obras públicas en Galicia
- Circulares informativas (cun buscador por temas)
- Convenios con empresas
- Boletíns mensuais de novas
- Servizos de asesoramento

Nos dous novos apartados denominados Vida Asociativa e Novidades vanse incorporado os principais actos que realiza APECCO ao longo do ano (xornadas, firma de convenios...).

Publicacións e DVD de APECCO

APECCO ten editadas as seguintes publicacións:

- Normativa de Prevención de Riesgos Laborales y Seguridad en la Construcción
- La Ley de Ordenación de la Edificación
- La nueva Ley de Contratos con las Administraciones Públicas
- El Texto refundido de dicha Ley de Contratos
- Libro sobre el Sector de la Construcción (enfoque estratégico aplicado a Galicia)
- El Reglamento General de la Ley de Contratos de las Administraciones Públicas
- Los Estatutos de la Asociación
- Manual de Prevención de Riscos: "Construíndo seguridade"
- Libro de Prevención: "Maquinaria y Equipos vinculados a Trabajos de Altura (I)"
- Libro de Prevención: "Maquinaria y Equipos vinculados a Trabajos de Altura (II)"
- Libro de Prevención: "Manual de Trabajos en Altura"
- Libro de Prevención: "Las 5 reglas de oro para trabajos en altura en construcción"
- Libro de Prevención: "Glosario de Términos de Seguridad en Construcción"
- Guía Metodológica para la Elaboración de Memorias de Responsabilidad Social Empresarial en PYMES del Sector de la Construcción
- DVD de Prevención de Riesgos Laborales en la Construcción

Da maioría destas publicacións, os asociados poden solicitar exemplares de balde.



Circulares e boletíns

CIRCULARES

Durante o último ano enviáronse un total de 69 circulares informativas: de tipo fiscal, laboral, de lexislación española, galega e europea (Leis e R.D. do BOE e DOG), sobre todo a referida ao mundo empresarial, a construción e a contratación pública; de vivenda e urbanismo, de índices de prezos, de programas e orzamentos de obras, de prevención de riscos laborais, de medio ambiente, de conxuntura económica, de feiras, de xornadas informativas, de subvencións e axudas, e outras de actualidade e relevancia para as empresas.

BOLETINES MENSUAIS DE NOVAS

Enviáronse os xa habituais boletíns mensuais de novas, que recollen o resumo das principais novas do sector da construción durante o mes ao que fan referencia. Os seus principais apartados son:

- A construción en Galicia
- A construción en España
- Datos das obras públicas en Galicia
- Conxuntura económica
- Novas de empresas
- Información fiscal (Calendario fiscal e novas relacionadas)
- Información laboral (Calendario laboral e novas relacionadas)
- Feiras, congresos e seminarios relacionados co sector
- Cursos de formación de APECCO



Informes e asesorías

INFORMES E ESTUDOS

- Informe anual de licitacións, adxudicacións e aperturas de plicas das Administracións central, autonómica e local, desglosadas por organismos e tipos de obra cos seus orzamentos e empresas adxudicatarias.
- Informes mensuais de licitacións e adxudicacións en obras públicas.
- Información sobre os investimentos en obras previstos polo Ministerio de Fomento e a Administración Central para Galicia, a Xunta de Galicia, as Deputacións Provinciais galegas e o Concello da Coruña.
- Estudos periódicos sobre a marcha do sector en Galicia e España, referidos á contratación de obra pública, consumo de cemento, vivendas visadas, iniciadas e rematadas; poboación laboral, activa, ocupada e parada, e outros indicadores da actividade (incluídos no Boletín mensual de novas e na propia Memoria anual).

ASESORÍAS

- As asesorías xurídica-laboral, fiscal e de comunicación seguen traballando intensamente para APECCO e os nosos asociados.
- O noso asesor laboral, Antonio Fernández-Chao, colabora activamente na negociación dos convenios colectivos provinciais da pintura e da construción. Así mesmo, o asesor fiscal, Jesús Ruíz Posse, resolveu gran número de cuestión e problemas tributarios que lle presentan as nosas empresas asociadas.
- Asesorouse tamén ás empresas sobre temas de prevención de riscos laborais e medio ambiente.
- Lembramos que a tramitación e o seguimento do expediente de clasificación para as empresas contratistas pode facerse a través de APECCO na Oficina Auxiliar do Contratista da CNC, cunhas tarifas moi reducidas para os asociados e cunha excelente eficiencia.
- A través dos noso convenio con bancos e outras entidades préstase asesoramento sobre temas financeiros (préstamos, avais, axudas, etc...).



Colaboracións e relacións externas

-  Mantivéronse as comunicación habituais cos **MEDIOS DE COMUNICACIÓN**, a través de notas de prensa, publicacións, mesas redondas e entrevistas en diversos medios, para a divultación de actividades da asociación e temas sobre construción, vivenda, prevención de riscos laborais, emprego, xornadas, cursos de formación e outros.
-  Continuamos as **relacións con outras asociacións, confederacións e institucións** relacionadas directa ou indirectamente coa nosa asociación: Confederación Nacional de la Construcción (CNC), SEOPAN, a Federación Galega da Construción (FGC), a Confederación de Empresarios de Galicia (CEG) e da Coruña (CEC), e coa Federación Nacional de Empresarios Pintores (ANSPI).
-  Coa **Confederación Nacional de la Construcción (CNC)** participamos en distintas reunións sobre a elaboración de propostas para o Convenio Xeral do Sector, así como sobre as directrices que deben formar o Acordo Sectorial Nacional.
-  Coa nosa presenza e participación na xunta directiva e na assemblea da **Federación Galega da Construción** mantivemos una estreita colaboración con este organismo para a consecución dunha voz única á hora de expor as demandas e defender os intereses do sector en Galicia.
-  Tamén continuamos colaborando coa **Fundación Laboral da Construción de Galicia**, órgano paritario das organizacións empresariais e sindicais e cuxo obxectivo fundamental é a formación.
A Fundación ten realizado numerosos cursos de formación ocupacional para traballadores en paro.
Formamos parte activa da mesma a través da nosa presenza na Comisión e no Consejo Territorial de Galicia.
-  Coa **Confederación de Empresarios da Coruña (CEC)** mantemos un estreito contacto, informando sobre os temas de construción e a súa incidencia no ámbito provincial e analizando co resto dos sectores a problemática xeral das empresas na nosa área, co obxecto de buscar solucións globais nas cuestións que afectan ao empresariado.
-  Estreitáronse as relación de APECCO con outras **asociacións de empresarios e de construtores da provincia**, a través de colaboracións en temas de xornadas, formación e outros de interese mutuo.



Outras actividades e servizos

- ▶ Expedición de “finiquitos”. Para os asociados a un prezo de 3 €/unidade e para os non asociados a 10 €.
- ▶ Edición de “Libros de subcontratación”, obrigatorios por lei nas obras de construción dende novembro de 2007. Para os asociados a un prezo de 4€/unidade e para os non asociados a 6€.
- ▶ Lográronse importantes descontos en másters e seminarios (de ata un 33%).
- ▶ Obtención de novas fontes de información a través de suscripcións e colaboracións con distintos organismos públicos e revistas especializadas do sector.
- ▶ Envío de convites aos asociados para a asistencia a feiras e outros eventos.
- ▶ Cedeuse o uso do salón de actos e as aulas da asociación a diversas empresas que o solicitaron para a realización de reunión e seminarios propios.
- ▶ Ao longo do ano resolvéronse multitude de consultas de todo tipo formuladas polos asociados.




ASOCIADOS




3

Evolución de asociados

Evolución 2008 a 2018



Distribución xeográfica de asociados



Novos asociados

EMPRESA / POBOACIÓN

TÉCNICAS ELÉCTRICAS ACEBRE, S.L. / CABANAS

SERVICIOS FORESTALES Y EMPRESARIALES TORRES, SL / MILLADOIRO - AMES

VIMANRA, S.L. / CAMBRE

PINTANOR, S.L. / BERGONDO

CNES. GONZÁLEZ Y GONZÁLEZ, S.L. / TORDOIA

DENUEVO PUNTO CREATIVO, S.L. / A CORUÑA

VCS SOLUCIONES, S.L.L. / PERILLO - OLEIROS

ACCIONA CONSTRUCCIÓN, S.A. / A CORUÑA



Relación de asociados / 2018

EMPRESA / POBOACIÓN

- ELECTRIFICACIONES MIÑONES, S.L. / LAXE
- ESPINA OBRAS HIDRAULICAS, S.A. / SANTIAGO
- ESPINA Y DELFIN, S.L. / SANTIAGO
- ESTUDIO A.T. / MUXÍA
- EULOGIO VIÑAL OBRAS Y CNES. S.A. / OROSO
- EUROMONTAXE PROFESIONAL, S.L. / TARRÍO - CULLEREDO
- FCC CONSTRUCCION, S.A. / A CORUÑA
- FCO. CASAL MENDEZ Y OTRO, S.C. / CAMELLE
- FERROVIAL AGROMAN, S.A. / A CORUÑA
- F. GOMEZ Y CIA, S.L. / TOURO
- COMERCIAL SILVA GALICIA, S.L. / BERGONDO
- HERMANOS LOPEZ CARTELLE, S.L. / ARES
- ABECONSA, S.L.U. / A CORUÑA
- DRAGADOS, S.A. / A CORUÑA
- ALVAC, S.A. / ARTEIXO
- ANGEL BREY, S.L. / SANTIAGO
- HIJOS DE J. LOSADA CANCELO S.A / NARÓN
- JARDINERIA ARCE, S.L. / MEIRÁS - SADA
- JOSE M. PIÑEIRO LOPEZ, S.L. / ORTIGUEIRA
- JOSE NO MANTIÑAN E HIJOS S.A. / A CORUÑA
- LEONARDO MIGUELEZ, S.L. / MELIDE
- LOPEZ Y LEIS, S.A. / A CORUÑA
- MANUEL PEREZ PEREZ / FENE
- MANUEL RODRIGUEZ LEMA, S.L. / VIMIANZO



Relación de asociados / 2018

EMPRESA / POBOACIÓN

- MARTÍNEZ MONTES E HIJOS, S.L. / TEO
- ACCIONA CONSTRUCCIÓN, S.A. / A CORUÑA
- NEMESIO ORDÓÑEZ, S.A. / BOIRO
- OBRAS Y CONDOC. HIDRÁULICAS, S.L. / SANTIAGO
- OBRASCON HUARTE LAIN S.A. / A CORUÑA
- OVIGA, S.L. / OROSO
- PLACAS NORTE, S.L. / A CORUÑA
- PROBISA, PRODUCTOS BITUMINOSOS, S.L.U. / SANTIAGO
- PROYCOGA, S.A. / A CORUÑA
- SONDEOS DEL NORTE, S.A. / A CORUÑA
- TALLERES DE PINTURA PRADO, S.L.U. / A CORUÑA
- TALLERES REUNIDOS, S.A. / A CORUÑA
- TERRAUGA, S.L. / A CORUÑA
- TRADISCO, S.L. / A CORUÑA
- VÍAS Y CNES., S.A. / OVIEDO
- ANTONIO FILLOY, S.A. / BOIMORTO
- ARIAS INFRAESTRUCTURAS / A CORUÑA
- C.R.C OBRAS Y SERVICIOS, S.L. / ORDES
- CANARGA, S.L. / A CORUÑA
- CHEIVAN EXCAVACIONES, S.L. / ORTIGUEIRA
- CNES. A. MARTÍNEZ E HIJOS, S.L. / CORISTANCO
- CNES. ÁNGEL JOVE, S.A. / A CORUÑA
- CNES. CANOSA, S.L. / AS PONTES
- CNES. CERNADAS, S.L. / VIMIANZO



Relación de asociados / 2018

EMPRESA / POBOACIÓN

- CNES. DÁMASO FERREIRO E HIJOS, S.L. / CARBALLO
- CNES. IGLESIAS MERA, S.L. / AMES
- CNES. J. MAURI E HIJOS, S.L. / A CORUÑA
- CNES. LÓPEZ CAO, S.L. / A CORUÑA
- CNES. PONCIANO NIETO, S.L. / ZAS
- CNES. RAMÓN VÁZQUEZ Y REINO, S.L. / CARBALLO
- CNES. VILARIÑO, S.A. / A CORUÑA
- COBRA INSTALAC. Y SERVICIOS, S.A. / A CORUÑA
- COSMALCA, S.L. / O PINO
- CNES. GROBAS, S.L. / MESÍA
- CNES. CRESPO BARROS, S.L. / PAIOSACO – A LARACHA
- IPRENOR, S.L.U. (Ingen. Mº Amb. Prev. Noroeste) / A CORUÑA
- CNES. MOUZO Y SOUTO, S.L. / CARBALLO
- VILLASUSO ORTEGAL, S.L. / ORTIGUEIRA
- APLICACIONES DEL HORMIGÓN, S.A. / CARBALLO
- EXCAVACIONES Y OBRAS CANDAL, S.L. / ORDES
- BÚA CTNES. Y SERVICIOS, S.L. / DUMBRÍA
- ALCOMTE GALICIA, S.L. / SANTIAGO
- TEC. ARQUITEC. RESTAURO Y FF, S.L.U. / A CORUÑA
- VALLAS Y CASETAS BRUN, S.L. / ORDES
- CNES. Y EXCAV. GERMÁN MOUZO, S.L. / MUXÍA
- APARFONT, S.L. / A CORUÑA
- ACV COBIÁN VARELA Y ASOCIADOS, S.L. / A CORUÑA
- CASTAÑO BASCOY, S.L.U. / PADRÓN



Relación de asociados / 2018

EMPRESA / POBOACIÓN

- MANTIDO, S.L. / CAMARIÑAS
- OGMIOS PROYECTO, S.L. / CULLEREDO
- SOGRANI – SONENSE DE GRANITOS, S.L. / PORTO DO SON
- COPCISA, S.A / A CORUÑA
- CNES. Y OBRAS ANDÚJAR, S.L. / DUMBRÍA
- KOTA BLUE, S.L. / FONTECULLER
- EXCAVACIONES SAAVEDRA Y LÓPEZ, S.L. / NARÓN
- UNCISA CTNES. E INFRAESTRUC., S.A.U. / SANTIAGO
- CNES. CANTO CARRIL, S.L. / CAMARIÑAS
- MONTAJES ELÉCTRICOS VIZCAÍNO, S.L. / MOELVI / A CORUÑA
- LIRES CONS, S.L. / DUMBRÍA
- CNES. PUMARIÑO, S.L. / AS SOMOZAS
- EXCAVACIONES YONI TUÑAS, S.L. / MAZARICOS
- INCOGA SMART BUILDING GROUP, S.L. / A CORUÑA
- PROSEMA NOROESTE, S.L. / FERROL
- ATLÁNTICA CONS. Y Mº AMBIENTE, S.L. / AMES
- MANUEL RIVAS BOQUETE, S.L. / A CORUÑA
- IAM RUMBO INSTALACIONES Y OBRAS, S.L. / CULLEREDO
- ARKIVOLTA, S.L. / CULLEREDO
- ESQUEIRO, S.L. / A CORUÑA
- ORGANIZ. Y GESTIÓN DE PROYEC. Y OBRAS, S.L. / A CORUÑA
- EXCAVACIONES CERNADAS VALIÑA, S.L. / VIMIANZO
- JSTOP OBRAS Y SERVICIOS, S.L. / SANTIAGO
- OPERIS OBRAS Y MANTENIMIENTO, S.L. / A CORUÑA



Relación de asociados / 2018

EMPRESA / POBOACIÓN

- OYS NOROESTE, S.L. / OUTES
- PRACE, SERVICIOS Y OBRAS, S.A. / FERROL
- DESARROLLA OBRAS Y SERVICIOS, S.L. / A CORUÑA
- AQUABLUE, S.L. / A CORUÑA
- CNES. FEGO ATLÁNTICO, S.L. / A CORUÑA
- SERGONSA SERVICIOS, S.L. / A CORUÑA
- JARDINCELAS, S.L. / CULLEREDO
- AGADA OCCIDENTE, S.L. / CAMPOLONGO
- CYS HISPANIA, S.L. / SANTIAGO
- EXCAVACIONES Y OBRAS MELCHOR, S.L. / BETANZOS
- GROMA OBRAS, S.L. / A CORUÑA
- R4 BETANZOS, S.L.U. / BETANZOS
- CARLOS BUSTO, S.L. / PONTECESO
- CNES. C. CANCELA, S.L. / ARTEIXO
- PCE IBÉRICA, S.L. / TOBARRA – ALBACETE
- GR CTNES. OBRAS Y SERVICIOS, S.L.U. / CARRAL
- SOLCONOR, S.L. / CULLEREDO
- EXCAVACIONES MIDON, S.L. / TEO
- JAVIER BÁRBARA ASCACÍBAR / A CORUÑA
- TALLER DE ESTUDIOS TÉCNICOS ANDRÉS / A CORUÑA
- LANCER PROYECTOS Y OBRAS, S.A. / CULLEREDO
- ARCOPONTE, S.L. / A CORUÑA
- QUIMIASFALT, S.L.L. / ORDES
- INGENIA DOMO MADERA, S.L. / OLEIROS



Relación de asociados / 2018

EMPRESA / POBOACIÓN

- ÁBACO CR, S.L. / A CORUÑA
- DESARROLLOS Y METAS, S.L. / A CORUÑA
- CETA CONTRATAS, S.L. / SANTIAGO
- COMASA NORTE, S.L. / NOIA
- CALEFACCIONES SIMÓN, S.L. / SANTIAGO
- VOLADORAS Y TRANSPORTES BLANCO, S.L.U. / CARBALLO
- ARINES OBRAS Y PROYECTO, S.L. / SANTIAGO
- CNES. GUERREIRO SOMOZAS, S.L. / AS SOMOZAS
- SEÑALIZACIONES NORTE, S.L. (SENOR) / DODRO
- GESTAL Y LÓPEZ, S.L. / ORDES
- EXCAVACIONES AGRA CASTRO, S.L. / SANTA COMBA
- CNES. FERMÍN SIMAL, S.L. / LAXE
- BRISA EXCAVACIONES, OBRAS Y SERV. S.L. / ROIS
- CNES. ROCHA CORRAL, S.L. / OZA-CESURAS
- BCNOR GESTIÓN Y SOLUCIONES AVANZADAS, S.L. / A CORUÑA
- CARICLES OBRAS Y SERVICIOS, S.L. / A CORUÑA
- MECANO OBRAS Y REFORMAS, S.L. / SANTIAGO
- IVÁN MARTÍNEZ OTERO / CORISTANCO
- DONSIÓN PROYECTOS , S.L. / LALÍN
- DAVID BARROS INSUA / BERGONDO
- MURAT CONSTRUCCIÓN Y MTO., S.L. / MESÍA
- EXCAVACIONES DARÍO, S.L. / LOUSAME
- GRUPO MARIÑO OBRAS Y SERVIC., S.L. / PONTECESO
- TARRÍO Y SUÁREZ, S.L. / RIANXO



Relación de asociados / 2018

EMPRESA / POBOACIÓN

- COVISAM NORTE, S.L. / CARBALLO
- TALLERES ARTEIXO, S.L. / ARTEIXO
- ASEFA SEGUROS / A CORUÑA
- ANLLAR MANTENIMIENTOS Y CTNES., S.L. / A CORUÑA
- JUAN LAGO CONSTRUCCIÓN, S.L. / CEE
- COTA CERO COMPOSTELA, S.L. / SANTIAGO
- CNES. SIBER ORDES, S.L. / ORDES
- INGENIERÍA Y CTNES. MELCOR, S.L. / CULLEREDO
- EXCAVACIONES POSE, S.L. / CABANA DE BERGANTIÑOS
- TÉCNICAS ELÉCTRICAS ACEBRE, S.L. / CABANAS
- SERVICIOS FORESTALES Y EMPRESARIALES TORRES, S.L. / MILLADOIRO - AMES
- VIMANRA, S.L. / CAMBRE
- PINTANOR, S.L. / BERGONDO
- CNES. GONZÁLEZ Y GONZÁLEZ, S.L. / TORDOIA
- DENUEVO PUNTO CREATIVO, S.L. / A CORUÑA
- VCS SOLUCIONES, S.L.L. / PERILLO - OLEIROS
- LANTANIA S.L. / MADRID
- COREGAL PARQUES Y JARDINES S. L. / SANTIAGO

Total / 150



A background image showing two business professionals in a meeting. One person, wearing a blue and white striped shirt, is seated at a desk and holding a pen over a spiral-bound notebook. Another person's arm, also in a striped shirt, is visible on the right side of the frame. A laptop is open on the desk to the left. The entire image has a dark blue overlay.

SECTOR

4

A construción en España e Galicia / 2018

ESPAÑA

O exercicio económico correspondente a 2018 confirmou que a construción mellorou os seus indicadores con respecto a 2017. Sen embargo, os bos números acadados non abondaron para alonxar o estado de alerta motivado pola crise, a peor da historia, que provocou unha profunda reestruturación no conxunto do sector.

Como consecuencia da inexistencia dun marco regular de licitacións de obra pública, o noso país precisa realizar un total de 814 proxectos prioritarios de infraestruturas que, entre outras cuestións, crearían aproximadamente un millón de postos de traballo.

Neste senso, a forte crise da última década provocou unha redución do presuposto público de gasto que se sustanciou coa redución dos investimentos públicos en infraestruturas e coa crecente preponderancia do prezo nos criterios de valoración das adxudicacións.

GALICIA

O sector da construción en Galicia tivo un comportamento parello ao acontecido no resto do Estado. Dese xeito, e aínda que os indicadores melloraron con respecto ao 2017, a construción galega segue a sufrir as consecuencias dunha crise que debilitou as propias estruturas do sector.




Contratación de obras



SECTOR PÚBLICO – ESPAÑA | con respecto a 2017

Total contratación
16.843 millones de euros



Contratación de obras



OBRA CIVIL – ESPAÑA | con respecto a 2017

Total contratación
11.258 millones de euros




Contratación de obras

CONCESIONES – ESPAÑA | con respecto a 2017




Total contratación
97 millones de euros

– 99%



Actividade


ESPAÑA | con respecto a 2017



Un punto menos que no 2017

Emprego directo

ESPAÑA | con respecto a 2017



COMPARATIVA

Moi lonxe do rexistrado fai 10 anos

Consumo de cemento

ESPAÑA | con respecto a 2015




Total consumido
13.400 millones de euros



COMPARATIVA
1.000 millones más que en 2017,
é dicir, medrou un 8%


Actividade residencial

ESPAÑA | con respecto a 2017



Contratación de obras

SECTOR PÚBLICO – GALICIA | con respecto a 2017



Obras adjudicadas
2041

Total licitación
777 millones de euros

Total contratación
623 millones de euros


Crecemento de
46 millóns de euros



COMPARATIVA


No 2017 a obra contratada
ascendeu a 577 millóns de euros

Investimento das Administracións




GALICIA | con respecto a 2017



Administración autonómica
209 millóns de euros




Administración central
149 millóns de euros



Administración local
265 millóns de euros




Comportamento do investimento das Administracións




GALICIA | con respecto a 2017



Administración autonómica
+ 69 %



Administración central
- 111 %




Administración local
+ 82 %



Licitación de obras

GALICIA | con respecto a 2017



TOTAL DE OBRAS LICITADAS
2041 obras



LOCAL




CENTRAL



AUTONÓMICA

Emprego no sector

GALICIA | con respecto a 2017



Total empregados
67.300



COMPARATIVA

66.600 son os rexistros en 2017



APECCO